



## **CIRCULAR INFORMATIVA 27-10-2020**

Estimados pais/nais/titores/as:

Queremos informarles sobre os seguintes temas:

### **MAGOSTO 2020.**

Dende o centro, pareceunos importante seguir coa tradición desta festa popular, aínda que sexa realizando as modificacións necesarias para manter a seguridade. Vémonos privados da realización dos xogos populares e baixada de carrilanas, así como a invitación a degustar castañas con toda a comunidade educativa, como viña sendo habitual.

Pola contra, este **venres 30 de outubro**, o alumnado realizará unha degustación de castañas na aula, co seu grupo estable de convivencia, e mantendo as mesmas medidas que se seguen durante o momento da merenda.

Este ano, o alumnado non contribuirá a traer castañas nin pico... o centro encargárase de adquirir todo o necesario.

### **SAMAÍN 2020.**

O **venres 30**, o alumnado poderá vir disfrazado con motivo do Samaín, pero seguindo unhas normas. Non se poderá vir con maquillaxe nin complementos, **só roupa**, que levarán posta toda a mañá, posto que non se poderán cambiar no centro.

### **RENOVACIÓN PARCIAL DO CONSELLO ESCOLAR.**

Este ano procedemos á renovación parcial do Consello Escolar, segundo a Resolución 30 de setembro de 2020 da Secretaría Xeral de Educación.

O Sorteio público será ás 14.00 horas do día 30-10-2020, no vestíbulo da secretaría para a elección do representante de pais/nais da Xunta Electoral.

A Xunta Electoral elaborará o calendario deste proceso que será publicado no taboeiro de anuncios coas datas de sorteo para a formación das Mesas Electorais, datas de presentación de candidaturas...

Un saúdo